

Rosario Álvarez / Anxo Angueira / María do Cebreiro Rábade / Dolores Vilavedra (2015): “Limiar”, en Rosario Álvarez / Anxo Angueira / María do Cebreiro Rábade / Dolores Vilavedra (coords.): *Rosalía de Castro no século XXI. Unha nova ollada. Febreiro – Xuño 2013*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 6-8.

---



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

**ROSARIO ÁLVAREZ  
ANXO ANGUEIRA  
MARÍA DO CEBREIRO RÁBADE  
DOLORES VILAVEDRA  
COORDINADORES**

# **Rosalía de Castro no século XXI. Unha nova ollada**

Febreiro - Xuño 2013



CONSELLO DA  
CULTURA GALEGA



publicacións dixitais

# Limiar

Rosario Álvarez

Anxo Angueira

María do Cebreiro Rábade

Dolores Vilavedra

**C**o gallo da conmemoración do 150 aniversario da publicación en Vigo de *Cantares gallegos*, obra fundacional do Rexurdimento das letras galegas, en 2013 o Consello da Cultura Galega convocou o Congreso Rosalía de Castro no século XXI. Unha nova ollada, que se celebrou na sede da institución en Santiago de Compostela e que contou cunha programación presencial, con participantes expresamente convidados, e con outra virtual, aberta a comunicacións libres.

Despois do extraordinario pulo que supuxo para os estudos rosalianos o *Congreso Internacional sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* realizado en 1985, no que tamén participou o Consello, este novo foro naceu da vontade de fuxir do reduccionismo conmemorativo que a miúdo padecen as efemérides para configurarse como un espazo en que presentar e debater as novas perspectivas de análise que se foron producindo nas últimas décadas. Co afán de potenciar a medio e longo prazo a sempre precisa renovación dos estudos rosalianos, o Congreso *Rosalía de Castro no século XXI. Unha nova ollada* quixo poñer en diálogo tanto rosalianistas de longa data coma pertencentes ás novas xeracións investigadoras. E isto porque entendemos que esa urxente renovación se debe facer integrando a vizosa tradición do rosalianismo, na que hai de certo achegas fulcrais que inspiraron novas interpretacións da obra rosaliana e que non podemos nin debemos esquecer.

O Congreso presencial desenvolveuse en cinco xornadas mensuais, en sesións de mañá e tarde, entre febreiro e xuño, e contou coa participación tanto de recoñecidos expertos nacionais e internacionais na obra rosaliana coma dun número importante de investigadores e investigadoras máis novos. Todos eles achegaron olladas renovadoras dende distintos campos do coñecemento  $\frac{3}{4}$  historia da ciencia e do pensamento, migracións, ecdótica, historia da prensa, teoría da literatura, etc. $\frac{3}{4}$ , coa vontade de que esa interdisciplinariade permitise acadar un coñecemento máis amplo e profundo da obra rosaliana, co triplo obxectivo de amosar a súa

vixencia no século XXI, alentar o seu aprecio por parte de galegos e non galegos de todas as xeracións e estimular novas lecturas críticas para propiciar o avance do seu coñecemento. Na publicación das actas recóllense por igual tanto as contribucións dos investigadores e investigadoras convidados como congresistas presenciais coma os relatorios dos que responderon ao noso chamamento para participaren no congreso virtual, sempre que superasen a revisión por pares anónimos.

De forma extraordinaria, o Congreso de Santiago de Compostela complementouse coa programación de actividades rosalianas fóra de Galicia. En Madrid, coas xornadas *Rosalía de Castro: tradición y modernidad*, que tiveron lugar na sede do Instituto Cervantes (22-24 de outubro de 2013). En Barcelona, coa celebración de *Rosalía de Castro, 150 anos de 'Cantares gallegos'*, distribuída en dúas xornadas: unha sesión de seminarios *Raó, Bogeria, Lloc. La política de les emocions en Rosalía de Castro*, na Universitat de Barcelona, programada en colaboración co Centre Dona i Literatura e a sección de Estudos galegos e portugueses da UB (8 de novembro de 2013); e a sesión académica *Catalunya i Rosalía de Castro. 150 anys de 'Cantares gallegos'*, en colaboración institucional co Institut d'Estudis Catalans (14 de novembro de 2013). As contribucións recibidas forman tamén parte, en sección propia, deste volume de actas.

O 17 de maio de 1963, xusto no día en que se cumprían cen anos da aparición daquel libro que a propia autora definira como «un grande atrevemento», a onda expansiva dos *Cantares gallegos* abría unha fenda no pétreo muro da ditadura e dende entón o aniversario da obra converteríase nunha xornada reivindicativa e festiva. *Cantares* demostraba así que o seu valor fundacional non se debía só a razóns simbólicas: alí, nas súas páxinas, alfa e omega, empezaba todo, unha vez máis. 150 anos despois, as relecturas crítico-hermenéuticas de *Cantares* que este Congreso propiciou queren servir, outra volta, como punto de inflexión no rosalianismo e no que este pode supor como dinamizador da tarefa, sempre inconclusa, de repensarmos a nosa identidade como galegas e galegos do século XXI.